



Avda. Emilio González López, 1
15113 MALPICA DE BERGANTIÑOS
Teléfs. 981 72 03 18 – 981 72 03 19 – 981 72 00 01
Fax 981 72 16 27
E-mail: correo@malpica.dicoruna.es
RELGA. MU – 2000/175 CIF: P-1504400A

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

ASUNTO: CONVOCATORIA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO DO DÍA 29 DE XANEIRO DE 2026

EXPEDIENTE: 2026/G010/000002

Visto o establecido no artigo 46 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, no artigo 210 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, reguladora da Administración Local de Galicia, e no acordo do Pleno da Corporación, adoptado na sesión extraordinaria celebrada o 13 de xullo de 2023, e en uso das facultades que me atribúen o artigo 21.1 c) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local e o artigo 61 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, reguladora da Administración Local de Galicia,

RESOLVO:

Primeiro.- Convocar sesión ordinaria do Pleno, que terá lugar no “Salón de plenos” da Casa do Concello, **o vindeiro día 29 de xaneiro de 2026 (xoves) ás 20:00 horas**, coa seguinte orde do día:

PARTE I: ADOPCIÓN DE ACORDOS

1º.- Aprobación, se procede, da acta da sesión ordinaria celebrada o día 27 de novembro de 2025.

2º.- Aprobación, se procede, da acta da sesión extraordinaria celebrada o día 14 de xaneiro de 2026.

3º.- Participación no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+ 2026” da Deputación Provincial da Coruña.

4º.- Mocións de urxencia.

PARTE II: CONTROL ÓRGANOS DE GOBERNO

5º.- Dación de conta das Resolucións da Alcaldía.

6º.- Dación de conta do período medio de pagamento do cuarto trimestre do exercicio 2025, calculado consonte ao establecido no RD 635/2014, do 25 de xullo, enviado ao Ministerio de Hacienda en data 22/01/2026 (expte. 2026/X998/000009).

7º.- Dación de contas da información sobre a morosidade correspondente ao cuarto trimestre do exercicio 2025, en aplicación do artigo cuarto da Lei 15/2010, do 5 de xullo, enviada ao Ministerio de Hacienda en data 22/01/2026 (expte. 2026/X999/000033).

8º.- Rogos e preguntas.

Segundo.- Notificar a presente resolución, con indicación dos recursos que proceda, aos/ás Sres./Sras. Concelleiros/as, dar traslado á intervención e proceder a súa publicación no taboleiro de anuncios do Concello.

En Malpica de Bergantiños, asinado dixitalmente polo Sr. Alcalde Eduardo J. Praga Veiga, ante min, a secretaria, Mª Loreto López Fernández, que asino aos únicos efectos de fe pública (artigo 3.2 do Real Decreto 128/2018, do 16 de marzo).